

DRA MAT URX IA

ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática


Máis cerca do que pensas



Novo Centro Superior das Artes Escénicas en Vigo

A Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia conta xa coa primeira fase da que é a súa sede definitiva, un conxunto de tres edificios que converterán esta escola nun centro de referencia na **formación**, a **creación** e a **investigación escénica**.

- Aulas prácticas con equipamento técnico e aulas teóricas.
- Aulas de ensaio a disposición do alumnado.
- Aulas de escenografía, caracterización e indumentaria.
- Auditorio para creación e exhibición teatral.
- Biblioteca.
- Servizo de cafetería e comedor.



Titulación Superior en DRAMATURXIA

A ESAD de Galicia é un centro público que ofrece catro titulacións superiores en Arte Dramática: **Interpretación**, **Dirección de Escena**, **Dramaturxia** e **Escenografía**. Ofrece estudos de posgrao en colaboración coa Universidade de Vigo. As súas ensinanzas estarán integradas no Espazo Europeo da Educación Superior (EEES).

A **Titulación Superior en Dramaturxia** ten unha duración de 4 anos e a ESAD é o único centro que a ofrece na nosa comunidade. O seu currículo está integrado por materias como:

- Dramaturxia
- Escrita dramática
- Creación de guión
- Prácticas de dirección escena
- Prácticas de interpretación
- Análise de textos
- Hª das Artes Escénicas
- Crítica teatral
- Espazo escénico
- Estética

■ Saídas profesionais

- Creación de espectáculos en todas as artes escénicas: teatro, danza, ópera, circo, ballet, zarzuela, presentacións e accións escénicas.
- Creación no audiovisual: cine, radio, televisión, publicidade e outros medios. Creativo publicitario.
- Creador e adaptador de textos e outros materiais para a creación escénica, audiovisual e de animación.
- Dirección e asesoría de proxectos de ocio e entretemento.
- Docencia teatral e investigación nas artes escénicas e humanidades.